

MAREAS VERMELLAS E CAMBIO CLIMÁTICO


Víctor M. Caamaño Rivas




As “mareas vermellas”, tamén coñecidas como “purgas do mar”, son un fenómeno natural moi común nas rías baixas. Están causadas por un gran crecemento das poboacións de algunhas algas que forman parte do plancto mariño. Baixo determinadas condicións ambientais pode producirse un florecemento esaxerado dos organismos do fitoplancto (especialmente dun tipo de alga microscópica chamada dinoflaxelado). A abundancia de dinoflaxelados, nunha marea vermella, dalle á auga un ton avermellado doadamente visible.

Esta coloración é debida aos pigmentos que posúen os dinoflaxelados pero o realmente problemático deste fenómeno é que, xunto cos pigmentos, estes organismos producen unhas substancias perigosas chamadas toxinas. No ser humano, a inxestión dos diferentes tipos de toxinas das mareas vermellas poden causar distintas doenzas como son amnesias, problemas gástricos ou trastornos que provocan parálises.

Ademais, a problemática sanitaria das mareas vermellas ten implicacións económicas negativas no sector marisqueiro debido a que as toxinas son acumuladas polos moluscos filtradores comerciais como os mexillóns, as ameixas, os berberechos, as vieiras, as zamburiñas ou as ostras e, como consecuencia, compre paralizar o mercado para estas especies mentres dure a marea vermella.






Está a comprobarse que nos últimos 40 anos o quentamento do clima, coñecido de xeito xeral como Cambio Climático, está tamén a ter consecuencias sobre a aparición das mareas vermellas. O Cambio Climático está a provocar un desprazamento dos anticilóns no Atlántico norte, o que ten consecuencias directas sobre os ventos litorais das rías baixas. Está demostrado cientificamente que o Cambio Climático está a provocar a diminución do vento norte nas rías galegas.

É o coñecido anticiclón das Azores o causante dos habituais ventos do norte e, como consecuencia, o que mantén o bo tempo do verán. Cando imos á praia e sopra o norte sabemos que a auga estará moito máis fría que cando non hai vento. A razón de que este vento inflúa sobre a temperatura do mar é que empuxa a lámina de auga superficial e quente, cara ao océano. A rápida consecuencia deste fenómeno é que as augas profundas e frías das rías ascenden á superficie para ocupar o lugar deixado polas augas superficiais quentes que o vento do norte desprazou cara ao océano. É precisamente este fenómeno de ascenso ou “afloramento” ([upwelling](#)) de augas frías profundas e ricas en nutrientes o que fertiliza as nosas rías e fai delas un dos ecosistemas mariños máis produtivos do mundo.

Polo tanto a diminución do vento do norte causada polo Cambio Climático está a provocar que os afloramentos de augas profundas que fertilizan as rías baixas sexan menores e que se cren unhas condicións físicas nas rías baixo as cales os dinoflaxelados (especies produtoras de mareas vermellas) son o tipo de fitoplancto que mellor se desenvolve. Así mesmo, a diminución dos ventos do norte, está a provocar que a renovación da auga das rías sexa máis lenta e tarde en facelo o dobre de tempo que hai uns anos. Se hai anos as rías renovábase totalmente en dez días aproximadamente, na actualidade a diminución de vento do norte, fai que sexan necesarios sobre vinte días para unha renovación completa da súa auga. A actual lentitude na renovación das augas é a causante de que as mareas vermellas teñan unha maior duración.



Semella, polo tanto, que o Cambio Climático está a ter un efecto directo e negativo sobre os ecosistemas e sobre a nosa economía: actualmente prodúcense máis mareas vermellas e teñen unha maior duración. As consecuencias negativas sobre o sector marisqueiro galego son evidentes. A paralización na comercialización de moluscos (mexillón, ameixas, vieiras...), no mundo globalizado en que vivimos, non significa que os mercados se paralicen. O mercado internacional de moluscos comerciais, busca noutros países cubrir a demanda que a nosa produción non pode abastecer durante os episodios de mareas vermellas. Estes períodos de parálise da produción de moluscos galegos son aproveitados por outras rexións do Estado e por outros países produtores para introducírense nos mercados internacionais e tratar de competir co noso produto. Como consecuencia, o crecemento da competencia para os produtos marisqueiros galegos implicará un axuste de prezos para non perder cota de mercado o que significarán perdas económicas para este sector. Aínda así, haberá que ter confianza en que a gran calidade dos moluscos comerciais galegos impida, na medida do posible, a substitución do noso excelente produto por outro foráneo de peor calidade.

Como pode observarse, o Cambio Climático, un problema medioambiental global, está a ameazar á produtividade das rías galegas. Está a ter consecuencias ambientais e económicas directas sobre as nosas vidas. Ante esta situación compre que a cidadanía se implique na medida das súas posibilidades esixindo, ás diferentes Administracións, o compromiso de que sexan aplicadas políticas sostibles no eido medioambiental como garantía para o noso futuro e para a supervivencia dos nosos sectores produtivos.